

O **protocolo de funcionamento do comedor escolar do CEIP Carlos Casares** foi aprobado polo Consello Escolar o día 30 de outubro de 2007; as normas establecidas naquel momento seguen en vigor na actualidade. Para facilitar o seu cumprimento, lembrámosvos os compromisos que asumen as familias usuarias:

- **Respectar os días de uso** marcados na solicitude.
- **Aportar a documentación que se requira** por parte da dirección do centro.
- **Aboar os menús** (aquelas familias ás que en aplicación da instrución correspondente da Consellería de Educación lles corresponde) cada mes. Os prezos son de 1 €, 2,50 € ou 4,50 €. O número de alumnado que este curso debe aboar estas cantidades é de 24; o resto de menús son aboados integramente pola administración.
- **Cumprir o horario de recollida do alumnado**; non antes das 3:15h.

Importante: Dado que en **setembro** e **xuño**, así como **todos os martes** do curso, non hai servizo de biblioteca, o alumnado ten que ser recollido **antes das 4:15 h.**

- **Anular os menús**, nos casos de ausencia xustificada ao comedor, coa maior antelación posible. Hora tope: ás 9:15h. do propio día. É moi importante non estragar a comida.

Cando non se asista ao comedor pero si asista ao cole, ademais de anular o menú en dirección, é necesario avisar tamén á súa titora - no caso do alumnado máis pequeno-, mediante unha nota ou de palabra.

- Cando se recolla durante a mañá a algún **alumno ou alumna indisposta**, débese **avisar en dirección** de que non vai comer para poder retirarlle o servizo.
- As familias do **alumnado transportado** deben ser moi rigorosas á hora de **comunicar os cambios** na utilización do autobús; esa comunicación debe ser sempre a través da dirección.
- O traballo das **coidadoras do comedor** escolar non é doado; este curso quedan diariamente 157 nenos e nenas a comer. É fundamental que desde as familias se inculque nos nenos e nenas o **respecto** hacia esas traballadoras e facilitarlles o seu labor, potenciando desde as casa uns **hábitos alimenticios saudables** e unha **correcta actitude na mesa**.
- Asumir as **sancións** que se poidan aplicar por parte da comisión de comedor do Consello Escolar no caso de absentismo inxustificado. (Aboamento dos menús derramados).
- Asumir as **sancións** en caso de mal comportamento reiterado do alumnado. (Pódese suspender o dereito a asistir o comedor de forma temporal ou, mesmo, definitivamente).

Coa vosa colaboración seguro que todo será mais doado. Grazas.

Equipo directivo. Outubro de 2014.